





- **CAMPIONATO GALEGO DE TENIS PRAIA 2019:**

- **Sede:** PRAIA DE SAMIL.
- **Datas:** Do 24 ao 25 de agosto.
- **Horario de programación de partidos:** De 10:00h. a 21:00h.
- **Categorías:**parellas masculinos, parellas femininas e parellas mixtas.
- **Superficie:**
  - Arena.
- **Cadros parellas/mixtos:** fase final de 16 e previa aberta.
  - 2 sets + super-tiebreak (no ad).
  - Previa, (2sets curtos + súper tie break.



## **NORMATIVA**

1. A competición aplicará as normas da R.F.E.T e do Circuito Galego de tenis praia 2019.
2. É indispensable ter a licenza federativa en vigor para poder participar neste torneo.
3. Horarios: A Federación Galega de Tenis poderá programar partidos de 10:00h a 21:00h. os días non lectivos, e a partires das 16:00h. os días lectivos.
4. Os horarios de xogo non serán oficiais ata as 19:00 h. do día anterior.
5. Os/as xogadores/as deberán revisar as listas de aceptación publicadas tralo peche de inscrición. Do mesmo xeito, será obriga dos/as xogadores/as informarse das datas e horarios dos seus partidos.
6. O Xuíz Árbitro poderá aplicar W.O. a todos/as os/as xogadores/as que non se presenten a xogar 10 minutos despois do momento de entrada na pista.
7. Os/as xogadores/as poderán inscribirse en dúas categorías, (parellas masculino ou feminino e parellas mixto).
8. O máximo de categorías/modalidades que poden disputar son 2.
9. Os/as xogadores/as deberán vestir en pista de forma regulamentaria e axustar o seu comportamento, e o dos seus acompañantes ao código de conduta. Non serán tolerados condutas inadecuadas e que non se axusten ao cumprimento das normas do tenis, deberá primar en todo momento o máximo respecto ao resto de compañeiros da competición, acompañantes, membros do equipo arbitral, socios, persoal e instalacións do club organizador.
10. O xuíz árbitro poderá modificar as pistas e/ou o sistema de xogo (segundo o regulamento técnico da RFET) por motivos meteorolóxicos ou organizativos.
11. Todas as cuestións non establecidas neste Regulamento serán resoltas polo Xuíz Árbitro ou polos adxuntos. As súas decisións serán inapelables.